




De 1831 a 1836, Charles Darwin viaxou arredor do mundo no *Beagle*, un buque hidrográfico da Mariña Real comandado polo capitán Robert Fitz Roy. Darwin contaba, o día da partida, con 22 anos, catro menos que Fitz Roy, e ambos conxeniaron rapidamente. O bo ambiente que se vivía a bordo permitiulle ao naturalista realizar longas expedicións terra adentro mentres o barco permanecía nas costas sudamericanas. Así puido achegarse á cordilleira dos Andes e coñecer a fondo as Pampas e a Patagonia, podendo apreciar nelas a profundidade do tempo xeolóxico, tan presente nas súas reflexións.

De volta en Inglaterra, Darwin preparou o diario da viaxe, que publicou en 1839, comezando paralelamente as investigacións que o levarían á publicación da súa magna obra: *A orixe das especies*, en 1859, onde explica como os seres vivos evolucionaron mediante a selección natural, dende o inicio dos tempos. A evolución non era un concepto novo, pero si o mecanismo da selección natural, de xeito que a teoría darwinista brindou unha anovada e revolucionaria perspectiva para interpretar o mundo. Co paso do tempo, a Xenética, a Bioloxía Molecular, a Paleoantropoloxía e outras ciencias foron confirmando e enriquecendo o soporte científico da evolución. Os evidentes avances na Agricultura, coa mellora dos cereais; na Enxeñería Química, coa obtención de novos enzimas; e mesmo os éxitos da Epidemioloxía na loita contra a SIDA ou a Gripe Aviaria están apoiados nela.

A Fundación Carlos Casares súmase, con esta terceira edición do Ciclo Ciencia e Sociedade, á celebración mundial do 150 aniversario da publicación de *A orixe das especies*, que coincide co 200 cabodano do nacemento do científico británico e faino, como sempre, da man de especialistas en diversos ámbitos científicos relacionados co tema.



FUNDACIÓN  
CARLOS CASARES

**18, 20 e 21  
de maio de 2009**

## III CICLO CIENCIA E SOCIEDADE

Darwin 2009: A evolución  
150 anos despois

20:00 horas  
SEDE FUNDACIÓN  
CAIXA GALICIA  
Rúa Policarpo Sanz, 21  
VIGO

 **FUNDACIÓN CAIXA GALICIA**

 **XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

# 1ª SESIÓN

LUNS 18 DE MAIO. 20,00 H.

## APERTURA:

Kristina Berg. Presidenta da Fundación Carlos Casares

## PRESENTACIÓN:

Gustavo Adolfo Garrido. Director da Fundación Carlos Casares

## RELATOR:

**Dr. Emilio Rolán Mosquera.** Malacólogo, especialista en Taxonomía  
A evolución no mundo dos moluscos

Coloquio co Relator

# 2ª SESIÓN

MÉRCORES 20 DE MAIO. 20,00 H.

## RELATORA:

**Dra. María Martinón Torres.** Grupo de Antropoloxía Dental do Centro Nacional de Investigación sobre Evolución Humana. Burgos  
A evolución humana a través da dentición

## RELATOR:

**Dr. Jordi Gómez Castilla.** Instituto de Parasitoloxía e Biomedicina "López-Neyra", CSIC. Granada  
A unidade de selección en virus RNA

Coloquio cos Relatores

# 3ª SESIÓN

XOVES 21 DE MAIO. 20,00 H.

## RELATOR:

**Dr. Xosé Antón Fraga.** Director dos Museos Científicos Coruñeses  
A recepción da obra de Darwin

## RELATOR:

**Dr. Francisco Pelayo.** Instituto de Historia do Centro de Ciencias Humanas e Sociais, CSIC. Madrid  
Charles Darwin e a teoría da descendencia con modificación

Coloquio cos Relatores e clausura

## RELATORES CONVIDADOS

**Emilio Rolán Mosquera.** Médico e Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Membro fundador da Sociedad Española de Malacología, da que foi presidente, pertence tamén ás sociedades belga, inglesa, italiana, holandesa e portuguesa de Malacoloxía. Autor de máis de 350 publicacións científicas, tendo descrito máis de 500 especies novas, realizou numerosas expedicións científicas, percorrendo os cinco continentes e formando unha das maiores coleccións privadas de Europa, con máis de 25.000 lotes e más dun millón de exemplares de moluscos. Actualmente está doada ao Museo de Historia Natural 'Luis Iglesias' da USC.

**María Martinón Torres.** Licenciada en Medicina e Cirurxía e doutora en Antropoloxía pola USC. Responsable do Grupo de Investigación de Antropoloxía Dental do Centro Nacional de Investigación sobre Evolución Humana (CENIEH) de Burgos. Integrada no Proxecto Atapuerca, ten publicado artigos e capítulos de libros en colaboración con José María Bermúdez de Castro e Juan Luis Arsuaga. Dende 2003 colabora nun proxecto de intercambio de expertos coa República de Xeorgia, investigando en Dmanisi as características do *Homo georgicus*, tronco do que deriva o *Homo antecessor* descuberto en Atapuerca.

**Jordi Gómez Castilla.** Doutor en Bioloxía pola Universidade Autónoma de Barcelona. Científico Titular do Instituto de Parasitología y Biomedicina do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Armilla (Granada), onde dirixe o laboratorio de Arqueoloxía do ARN. A súa área de especialización é a bioloxía molecular do ARN, nos seus aspectos estruturais, evolutivos e funcionais. Os seus estudos céntranse en recoñecer estruturas e formas de organización da información xenética -hipoteticamente propias- da orixe da vida nos ARN actuais. Ten realizado publicacións en revistas especializadas, entre elas, *Nature* (1988), *The Journal of Virology* (1992) e mais en *The Journal of Biological Chemistry* (2002).

**Xosé Antón Fraga.** Doutor en Bioloxía pola USC e Catedrático de Bioloxía e Xeoloxía no IES Monelos da Coruña. Diploma de Posgrao en Historia das Ciencias e das Técnicas pola Universidade de Zaragoza. Na actualidade é director dos Museos Científicos Coruñeses. Membro da xunta directiva da Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas ata 1999, do Consello de Redacción da revista *Llull*, e do seu Consello de Dirección dende 2006. É numerario do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses. Autor de numerosas publicacións sobre ensino, divulgación e historia das ciencias, coordinou e editou o *Diccionario histórico das Ciencias e das Técnicas da Galicia* (1993, 2005).

**Francisco Pelayo.** Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid. Científico Titular do CSIC destinado no Instituto de Historia do Centro de Ciencias Humanas y Sociales. (Madrid). Actualmente é Investigador Principal do proxecto do Ministerio de Educación e Ciencia sobre a configuración da Paleoantropoloxía como disciplina científica e a súa proxección na Bioloxía española. Entre as súas liñas de investigación destaca a recepción e difusión do evolucionismo en España e as relacións entre a ciencia e a relixión. Autor de *La Paleontología en el debate sobre el darwinismo* (1999) e da biografía *Charles Darwin: de la creación a la evolución* (2008).